CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 126. Xullo 2016. Distribución gratuíta

Charamela recibe a Medalla de Ouro polo seu labor cultural

O pobo de Melide recoñece con este galardón o traballo da asociación por recuperar a tradición teatral da vila dende o compromiso co galego e implicando a diferentes xeracións. A presidenta do colectivo, Mary Gómez Neira, recibiu a distinción en nome dos 228 socios que integran Charamela e asegurou que a medalla de ouro, a cal definiu como "un tesouro", servirá para intensificar aínda máis o seu compromiso con Melide. P11

EMPRESA
Asetem renova a directiva coa incorporación de cinco novos membros P3

MELIDE
Rebaixan a "suficiente" a calidade das augas da área de Furelos P12

COMARCA
Récord nos campamentos de Santiso tras matricularse 85 cativos P17

ENTREVISTA

Estrella Gómez, Stardemoda

Promocionan no exterior os domingos do comercio local

Asetem repartirá 3.000 trípticos en diferentes vilas de Galicia para dar a coñecer entre clientes potenciais a principal peculiaridade do comercio melidense. P3

Broz recompila nun libro todo o patrimonio de Melide

A vila de Melide é unha pequena enciclopedia con 607 páxinas e 500 fotografías froito de máis de trinta anos dedicados á investigación da historia local. P19

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Chamémoslle catastrazo

Son días de botar as mans á cabeza, de indignarse e de pagar. Pouco máis se pode facer ante as cartas que están recibindo moitos veciños e veciñas de Melide reclamando o pago dos atrasos da contribución (nalgúns casos ata catro anos) derivados da regularización catastral impulsada polo Ministerio de Facenda.

Dita regularización deuse en coñecer popularmente como "catastrazo" e o nome faille xustiza, pois deixa o regusto amargo desas imposicións que simplemente hai que acatar e desas medidas que se poñen en marcha en tempos de vacas fracas para evitar o colapso das arcas públicas apelando aos petos dos mesmos de sempre. Precisamos cartos, saquémolos de onde poidamos sen mirar quen paga. Aínda que sexan gandeiros asfixiados pola crise do sector lácteo, aínda que sexan xubilados dependentes ao que agora se lles cobra pola palleira na que se deslombaron a traballar para retirarse cunha pensión de menos de 600 €.

Estes son dous dos perfís máis afectados polo catastrazo, que está a ser moi prexudicial para o rural galego. A revisión catastral posta en marcha en Galicia en setembro de 2013 e que xa se completou en 165 concellos (54 na provincia da Coruña) obriga a pagar a contribución rústica por granxas, cortes, palleiras, pendellos, arrimos e mesmo invernadoiros que ata agora estaban exentos, xa que só tributaban as fincas. Os sindicatos agrarios estiman que están afectadas arredor dun millón de propiedades e que se multiplicarán por 10 os ingresos que obteñen os concellos a través do IBI rústico. Iso implica que pasarán de recadar 10 millóns a recadar preto de 100.

Os grandes números dan ben, pero nas pequenas economías o panorama complícase. Pode facelo máis ou menos en función dos concellos, xa que unha vez que o goberno central remata a revisión son as facendas locais as que determinan a taxa que permite a normativa: dende a máis baixa do 0,3% do valor da propiedade á máis alta do 0,9%.

Para o caso, un gandeiro que teña unhas cortes valoradas en 100.000 euros e polas que ata agora non pagaba nada, coa regularización pasaría a pagar 900 euros ao ano se se lle aplica a taxa máxima e 300 coa mínima. A isto hai que engadir que o Catastro pode reclamar os atrasos de ata os últimos 4 anos. Catastrazo contra o que só cabe o dereito á indignación.

Tribuna de opinión

Vacacións en paz

Cada ano por estas datas Melide e outras vilas galegas agardaban expectantes a chegada dos rapaces e rapazas saharauís que, procedentes dos campamentos de refuxiados de Tinduf, viaxaban a Galicia ao abeiro do programa *Vacacións en paz* para pasar uns meses entre familiares e veciños que os apreciaban e para facer o máis parecido posible a unha vida normal, afastada en todo caso das temperaturas infernais, das carencias alimentarias e das miserias propias dunha existencia no desterro.

2016 debuxa un panorama complexo. O programa, organizado dende 1991 pola asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, podería ter que cancelarse por falta de financiamento. Algunhas das subvencións que conceden os concellos aínda non chegaron e a compañía Aeroliñas Alxerianas xa non admite o pagamento a prazos; só por adiantado. A asociación solicitou xa un crédito bancario de 100.000 euros pero hai que reunir outros 45.000 antes do días 15 de xullo. En caso contrario, 325 nenos e nenas quedarán sen as súas vacacións en paz. Sería a primeira vez dende 1991.

A solidariedade non ten límites e de seguro que se conseguirá o obxectivo, pero iso non quita que sintamos mágoa por ver como incluso ás accións humanitarias máis ben intencionadas se lles poñen atrancos absurdos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez, César C. Vega, Jorge Lama
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....19
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Asetem promociona os domingos de Melide co reparto de 3.000 trípticos

Un dos aspectos diferenciais do comercio de Melide é o feito de abrir todos os domingos do ano, unha característica que o fai singular dentro do panorama galego e que supón en si mesma un atractivo para os consumidores.

Consciente dese potencial, Asetem acaba de poñer en marcha unha campaña informativa para promocionar os domingos de Melide e dar a coñecer esta peculiaridade en núcleos de poboación próximos nos que haxa clientes susceptibles de desprazárense ata a vila. En concreto repartiranse algo máis de 3.000 trípticos entre as cidades d´A Coruña e Lugo e as vilas de Lalín e Arzúa.

Primeira xornada de reparto na cidade de Lugo

Máis ca comercio

Baixo un lema tan sinxelo como é "*Melide, aberto os domingos*", o tríptico inclúe na súa parte exterior o nome de 95 negocios asociados a Asetem clasificados por categorías. Ademais, recolle tamén información adicional "para facer ver que unha mañá de compras se pode completar cunha boa oferta gastronómica e unha tarde de turismo, facendo de Melide un lugar ideal para pasar toda unha xornada", explica o presidente de Asetem, Manuel Vázquez.

Así é que dito tríptico fai referencia á tradición pulpeira de Melide, á súa repostería propia e ao tradicional queixo de Arzúa-Ulloa. Tamén menciona algúns elementos patrimoniais de interese e varios enclaves da contorna que merecen ser visitados.

Detalle interior do tríptico "Melide, aberto os domingos"

A patronal renova parte da xunta directiva

Cinco novos socios incorpóranse en calidade de vogais

Pasados dous anos dende a celebración de eleccións e co obxectivo de dar cumprimento ao establecido nos seus estatutos, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) procedeu a renovar parte da xunta directiva.

Dito trámite realizouse o pasado 30 de xuño en coincidencia coa celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, pois as novas incorporacións tiveron que ser referendadas polos socios e socias mediante votación. As principais novidades producíronse nos postos de vogais, aos que accederon as seguintes persoas: Margarita Iglesias (Mis Mejores Labores), Karim Gamil (Clínica Dental Karim), Cristina Louzao (California 66), Sabela Santín (Santín & Amo Perruqueiros) e Ceferino Lobato (Cafetería Chaplin).

Xunto con estas incorporacións, a Asemblea ratificou a saída da xunta de directiva de Rut Gallego (Sisuka), Lucas Garea (Cafetería Arraigos) e Diego Sánchez (SIC Cire). Segue como vogal Jorge Pereiro (Pulpería Ezequiel).

O resto do equipo directivo continúa tal e como quedou configurado despois das eleccións de 2014, con Juan Carlos Casal (Hijos de Casal Mariño) como contador, José Valiño (Muxica) como tesoureiro, José Ramón Villamor (Oro Ley) como secretario, Manuel Vázquez (Transportes Sierra) como presidente e como vicepresidente Rodrigo Fernández (Seguros Bilbao), quen puxo o seu cargo a disposición da Asemblea, pois así o esixen os estatutos, mais resultou novamente reelixido.

Falta de aparcamento

A xuntanza tamén serviu para presentar ante os asistentes o balance tanto económico como de actividades correspondente ao ano 2015. Ao mesmo tempo os socios e socias plantearon diferentes inquietudes e manifestaron especialmente a súa preocupación pola falta de espazo para o aparcamento no casco urbano. Nesa liña, entre as ideas que se achegaron falouse de aproveitar o Cantón de San Roque para construír unha estación de autobuses (unha das carencias da vila) ou un aparcadoiro subterráneo.

Non obstante, conscientes da envergadura de ditos proxectos, como medida a curto prazo mencionouse a posibilidade de solicitarlle ao Concello o traslado da parada de taxis para unha rúa próxima de xeito que toda a marxe frontal do Cantón de San Roque se poida empregar como lugar de parada para buses.

Cristina Louzao
California 66

Ceferino Lobato
Cafetería Chaplin

Sabela Santín
Santín & Amo Perruq.

Margarita Iglesias
Mis Mejores Labores



Karim Gamil
Clínica Dental Karim

RESTAURANTE
Sony
25 aniversario

Ctra. Santiago, s/n
MELIDE (A Coruña) Tfno.: 981 505 473

Menús especiales

Opción 1 - 35 €

Varidado de mariscos: **salpicón, almejas, navajas, langostinos.**

Chuletón trinchado, entrecot, rape, lubina o merluza.

Rioja, Albariño, agua, cerveza o refrescos.
Postre, café y chupito

Opción 3 - 20 €

Salpicón de marisco, langostinos.

Churrasco mixto o merluza.

Albariño, Rioja, agua, cerveza o refrescos.
Postre y café.

Opción 2 - 16 €

Varidado de: **langostinos, pimientos de padrón, empanada.**

Churrasco mixto (ternera, cerdo y criollo) o merluza.

Vino, agua, cerveza, refrescos.
Postre y café.

Opción 4 - 30 €

Varidado de: **salpicón, navajas, zamburiñas.**

Chuleta de ternera, churrasco, entrecot, merluza o rape.

Ribeiro, Rioja, agua, cerveza o refrescos.
Postre, café y chupito

oferta especial

HABITACIÓN + CENA + DESAYUNO 30€

www.restaurantesony.com | sony@restaurantesony.com

Ronda de Pontevedra, 46 - Melide
981 06 86 09 672 47 55 80

Sandra Abad
CENTRO DE FISIOTERAPIA

ESPECIALIDADES
TERAPIA MANUAL OSTEOPÁTICA
FISIOTERAPIA CRÁNEO MANDIBULAR
REHABILITACIÓN - PUNCIÓN SECA - PILATES TERAPÉUTICO

TRATAMENTOS
LESIÓNS DEPORTIVAS - ACCIDENTES DE TRÁFICO
MASOTERAPIA - CINESITERAPIA
CRIOTERAPIA/TERMOTERAPIA - ELECTROTERAPIA
ENFERMIDADES TRAUMATOLÓXICAS,
NEUROLÓXICAS E REUMATOLÓXICAS
ENFERMIDADES CRÓNICAS (FIBROMIALXIA)

www.fisioterapiasandraabad.es

CASA ALONGOS OBTÉN O CERTIFICADO DE EXCELENCIA DE TRIP ADVISOR

Casa Alongos foi galardoada recentemente co Certificado de Excelencia de TripAdvisor, un premio co que esta web de viaxes (a máis grande do mundo) distingue aos negocios de hostalería que ofrecen unha experiencia de calidade superior de maneira continuada e reciben valoracións positivas dos viaxeiros de forma sistemática.

O Certificado de Excelencia ten en conta a calidade, a cantidade e o recentes que sexan as opinións enviadas polos viaxeiros a TripAdvisor. Para poder obtelo, os negocios deben ter unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 5, así como ter un número mínimo de opinións e un perfil cunha antigüidade superior a un ano.

A xuízo de Concha Casares e Fran Lugrís, propietarios de Casa Alongos, a clave deste éxito está en "trasladar sentimentos a través duns pratos feitos con cariño, bo produto, e cun sorriso á hora de servilos".

O "RECUNCHO DO CONVENTO" ABRE AS PORTAS DUN MUNDO DE SABORES

A oferta gastronómica de Melide e a súa comarca está de en hora boa coa apertura dun restaurante chamado a ser referente da boa mesa. Baixo a batuta do chef Pedro Coego *O recuncho do Convento* abre as súas portas en pleno casco histórico para achegar aire fresco ao sector da restauración dende a experiencia e o saber facer.

Tras algo máis de cinco anos rexentando outro establecemento hostaleiro na vila, Pedro Coego e o seu equipo asumiron o reto de trasladarse a unha nova localización (a rúa do Convento) co obxectivo de darlle á clientela "unha oferta e un servizo mellores". Nesta andaina acompáñao un grupo de xente, tanto persoal de cociña como camareiros, que inician a nova etapa "co moita ilusión".

O 8 de xullo deuse o pistoletazo de saída cunha festa de inauguración que encheu a terraza e as mesas de xente, música e petiscos.

TENDA XEBRE INICIA UNHA NOVA ETAPA NO CORAZÓN DO CASCO HISTÓRICO

Seis anos despois da súa apertura Tenda Xebre inicia unha nova etapa estreando ubicación. Dende agora este establecemento especializado na venda de produtos ecolóxicos e artesáns de calidade atenderá aos seus clientes na Praza do Convento, "unha localización privilexiada, ao pé do Camiño Primitivo e onde se realizan moitos eventos que nos farán máis visibles", explica Minia Varela, unha das xerentes do negocio.

Os novos tempos tamén traerán consigo a incorporación de novos produtos, aínda que iso non fará cambiar a filosofía da tenda, que ten como base a alimentación saudable: "a xente está cada vez máis concienciada de que hai que comer mellor porque iso ten relación directa coa saúde", apunta Minia Varela. Algúns deses produtos saudables puidéronse degustar o propio día da inauguración, celebrada o pasado 8 de xullo.

24 BODEGAS DE TODA ESPAÑA DANSE CITA NUNHA CATA EN VIÑOTECA RIBEIRAO

Na véspera de San Pedro Viñoteca Ribeirao acolleu unha nova xornada de presentación e cata de viños. Nela participaron representantes de 24 bodegas de toda España que deron conta das cualidades dos seus caldos ante profesionais do sector como hostaleiros, delegados ou sumilleres. Posteriormente as portas de Viñoteca Ribeirao abríronse ao público en xeral e ducias de persoas puideron degustar de balde máis de cen marcas de viño ao tempo que atender de primeira man a interesantes explicacións.

As bodegas participantes foron: Lan, Vivanco, Carlos Serres, Faustino, Marqués de Cáceres, Remírez de Ganuza, Marqués de Riscal, Vallobera, Valduero, Abadía Retuerta, Cillar de Silos, Pagos del Rey, Heras Cordón, Gran Bazán, Castro Brey, Ponte da Boga, D´Berna, S. Ruiz, Eidosela, Algueira, Finca Millara, Coto de Gomariz, Vizcarra e Marqués de Murrieta.

SUBVENCIÓNS PARA MULLERES EMPRENDEDORAS PROGRAMA EMEGA

Beneficiarias e requisitos comúns:
Empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade ou formalicen os seus plans Innova ou Activa entre o 01/01/2015 e o 01/08/2016, microempresa ou pequena empresa calquera que sexa a súa forma xurídica. A administración da empresa ten que exercela unha muller e o capital social estar maioritariamente subscrito por mulleres (pequenas empresas) e integramente subscrito por mulleres (microempresas).

As promotoras deben estar de alta na Seguridade Social, desenvolvendo a súa actividade profesional na empresa de forma habitual. Investimento mínimo en inmobilizado material ou intanxible, nas Liñas Emprende, Innova e Activa, de 1.000 € (3.000 € na liña ITEF), se incluír o IVE, agás cando non sexa susceptible de recuperación.

Prazo de solicitude: ata o 01/08/2016

Liñas de Axuda:

LIÑA EMPRENDE

- Beneficiarias e requisitos: empresas de nova creación que inicien a súa actividade entre o 01/01/2015 e o 01/08/2016. Ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras; que deben estar desempregadas durante un período mínimo de 1 mes inmediatamente anterior á data de inicio da actividade laboral. No caso de empresas constituídas por máis de unha promotora, a condición de desempregada cumprirase polo 50% das promotoras como mínimo.
- Contía: entre 12.000 e 22.000 €, segundo o número de postos de traballo para mulleres que se creen.

LIÑA INNOVA

Dirixido a empresas constituídas por mulleres que acrediten a realización efectiva da actividade empresarial entre 2 e 5 anos. Deben presentar un proxecto de mellora que supoña a creación, como mínimo, de un posto de traballo para unha muller, de capacitación profesional media ou superior, por un período mínimo de 2 anos.

O proxecto de mellora levarase a cabo entre o 01/01/2015 e o 31/10/2016 e deberá materializarse nalgunha das seguintes accións:

> Desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas para a obtención de novos produtos ou procesos, ou mellora dos existentes.
> Aplicación de novas fórmulas de produción ou distribución.
> Diversificación da produción e/ou ofertas de produtos ou servizos.
> Reformulación empresarial para a achega ao mercado de produtos ou servizos innovadores ou de especial singularidade.

- Contías: entre 15.000 e 22.000 euros, segundo os postos de traballo creados.

LIÑA ACTIVA

Dirixido a empresas que acrediten a realización efectiva da actividade empresarial por un período mínimo de 3 anos e que presenten un proxecto de reactivación para o mantemento do emprego. Deberán manter ou incrementar o número de postos de traballo por conta propia ou allea preexistentes.

- Contías: entre 6.000 e 18.000 euros, segundo o número de postos de traballo para mulleres.

LIÑA ITEF

Poderán acollerse a esta liña empresas de nova creación con un proxecto empresarial de carácter innovador, no eido da investigación e da tecnoloxía; que inicien a actividade entre o 01/01/2015 e o 01/08/2016. A promotora ou unha delas, como mínimo, deberá ter titulación universitaria relacionada co ámbito da ciencia, do coñecemento ou da tecnoloxía.

- Contía: entre 18.000 e 50.000 €, segundo os postos creados.

Información elaborada por CC Xestión
Rúa Otero Pedrayo, 10 - Melide

Asetem organizará unha segunda Noite Aberta se así o demanda o comercio

As tendas luciron unha decoración especial o día da Noite Aberta

O pasado 17 de xuño o comercio de Melide acolleu a segunda edición da Noite Aberta, un día con grandes descontos e ofertas especiais no que as tendas abriron ata as 12 da noite, ofreceron petiscos e sortearon agasallos variados.

A elevada participación (29 negocios asociados a Asetem, 10 máis ca na edición de 2015) e o esmero dos establecementos na decoración e nos descontos facían prever o grande éxito que finalmente resultou ser a Noite Aberta, na que o bo tempo e a animación musical tamén contribuíron a que a clientela se achegase a Melide: "non podemos cuantificar en termos económicos o impacto que tivo esta iniciativa no noso comercio", sinala o presidente da patronal, Manuel García, "pero só polo movemento de xente que se viu ese día tanto na rúa como dentro das tendas e polos comentarios que nos fixeron chegar os comerciantes, podemos dicir que o balance foi moi positivo".

Tendo en conta isto, a asociación de empresarios amósase disposta a organizar outra Noite Aberta este mesmo ano se o sector comercial así o demanda e "sempre e cando haxa datas dispoñibles e estas sexan adecuadas". Neste sentido, o tempo xoga en contra, pois hai que ter en conta a proximidade do San Roque e tamén do Mercamelide, outra cita comercial propia tamén do mes de agosto. De celebrarse, Asetem está aberta a realizar modificacións "que fagan este evento aínda máis atractivo".

O GDR PREMIARÁ AS INICIATIVAS INNOVADORAS E VINCULADAS AO CAMIÑO NO LEADER 2014-2020

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) ao que pertence a Terra de Melide ten xa elaborada a estratexia de desenvolvemento do territorio coa que optará a fondos do plan Leader 2014-2020.

Segundo o documento que recolle as liñas estratéxicas de actuación no eido do comercio, o GDR dará financiamento con carácter prioritario aos negocios innovadores vinculados ao Camiño de Santiago e que fagan promoción dos produtos agroalimentarios do territorio. Isto obedece ao obxectivo a medio prazo de "diversificar a economía local de cada concello, creando 10 novos negocios inexistentes a nivel municipal". De acordo con esta premisa, só se subvencionarán os comercios polo miúdo ou servizos que sexan completamente novos. Por outra banda tamén se apoiará economicamente aqueles negocios orientados ao peregrino ou ao turismo, que estean no Camiño de Santiago e que vendan ou promocionen produtos fabricados no territorio (exclúense bares, cafeterías e supermercados).

No eido da industria, e seguindo as recomendacións da Unión Europea, recibirán puntuacións extra á hora de acceder a financiamento os proxectos relacionados co cambio climático, o aforro de enerxía, a saúde e a cultura. Tamén aqueles que sexan iniciativas colectivas ou poñan en valor infraestruturas abandonadas.

Cantón de San Roque, 13
Tlf.: 981 50 53 46

MELIDE

AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso
C. 1678

Miguel Fernández López
C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE

FESTAS NA HONRA A SANTA MARÍA

Santa María prepárase para o seu día máis intenso

Plan perfecto para unha noite de verán. A antesala do San Roque está en Melide, si, pero na parroquia de Santa María, que celebra as súas festas patronais o próximo 5 de agosto. Será unha xornada moi intensa que dará comezo ao xeito tradicional coa misa solemne e a procesión, seguida da correspondente sesión vermú para ir quentando motores a cargo da orquestra Venezia. A actuación estelar chegará coa verbena e coa música da orquestra París de Noia. Como remate, o Macro Festival de DJ´s continuará coa festa ata que o corpo aguante. E para non perder detalle, todo o que aconteza no campo será gravado en streaming con drons!! Por se chove ou quenta o sol, que tanto torna unha cousa como a outra, haberá carpa. Moito máis non se pode pedir. Só faltas ti!!

A comisión traballou arreo para facer as mellores festas posibles

TALLERES PUGA

César Puga Vázquez

Tfno./Fax: 981 50 74 17
tallerespuga@yahoo.es
Santa María - 15800 MELIDE (A Coruña)

Ríc ALUMINIOS

Tfno.: 607 53 21 57
E-mail: alurico@yahoo.es

15808 STA. MARÍA
MELIDE (A Coruña)

INAUGURACIÓN!

RÚA DO CONVENTO, 7 - MELIDE

GRANDES REBAIXAS

MIS MEJORES LABORES

Avenida de América, 3 - MELIDE

CLASES EN XULLO, AGOSTO E SETEMBRO

O PEQUENO BESBELLO
ACADEMIA DE ENSINO

- TODAS AS MATERIAS
- TODOS OS NIVEIS
- GRUPOS REDUCIDOS
- AMPLITUDE DE HORARIOS

INGLÉS: DESDE OS 3 ANOS. CON PROFESORADO **NATIVO**

CIENCIAS: BIOLOXÍA, ECONOMÍA, MATEMÁTICAS, FÍSICA, QUÍMICA, DEBUXO...

LETRAS: GALEGO, CASTELÁN, LATÍN,HISTORIA, FILOSOFÍA, SOCIAIS...

IDIOMAS: FRANCÉS, PORTUGUÉS, INGLÉS, ALEMÁN, HOLANDÉS CON **NATIVO**.

TELÉFONOS: 981 505 252
609 121 554
RÚA SAN ANTONIO, nº 5 - MELIDE

Melide premia coa Medalla de Ouro o compromiso cultural de Charamela

A Asociación Cultural Charamela foi a entidade galardoada este ano coa máxima distinción institucional do Concello de Melide; a Medalla de Ouro, que a corporación municipal acordou concederlle en recoñecemento ao traballo realizado para recuperar a tradición teatral da vila dende o compromiso co galego e implicando a diferentes xeracións.

Precisamente eses foron os dous aspectos que máis salientou a alcaldesa, Dalia García, durante a entrega da medalla, que como é tradicional se realizou o 29 de xuño no salón de plenos en coincidencia co día do patrón, San Pedro. "Anímovos a seguir no eixo da transversalidade, combinando savia nova e savia vella, porque ese é o punto clave para seguir medrando", dixo a rexedora, quen se amosou convencida de que "ao igual que outras asociacións que teñen este galardón o coidan con moito agarimo vós tampouco nos ides defraudar".

Mary Gómez, presidenta de Charamela, tras recibir a medalla

Membros de Charamela e concelleiros no salón de plenos

Foto de familia ás portas da casa do Concello

A vida é teatro

A nota emotiva do acto púxoa o discurso de Mª Carmen Gómez Neira, presidenta de Charamela dende a súa fundación no ano 2006 e directora dun dos grupos de teatro. Tras recibir a medalla non puido conter as lágrimas ao referirse ao "entusiasmo e entrega de todas as persoas que forman esta familia", unha das claves da exitosa traxectoria da asociación. "Os que tivemos a fortuna de vivir esta experiencia gardamos no noso corazón momentos inesquecibles", dixo Gómez Neira para concluír que Charamela "é moito máis ca teatro, actores e decorados; é unión, sentimentos, alegría e amizade".

Na súa intervención a presidenta de Charamela recordou as orixes da asociación e aquela primeira obra de teatro no pavillón municipal "que tivo un éxito que nunca puidemos imaxinar" e que foi o xermolo do proxecto multicultural que representa hoxe a entidade.

Nun sentido máis amplo Gómez Neira referiuse á cultura como un ben necesario "que fai prósperos os pobos" e falou do teatro como unha disciplina intrínseca a toda sociedade. "Cada vida, de feito, é unha obra con máis ou menos espectadores", explicou, "non se sabe o que é o teatro ata que non se pisa un escenario, ata que non se ten unha personaxe entre as mans. Cando entras xa non podes saír".

Un auténtico tesouro

Como representante dos 228 socios cos que conta na actualidade Charamela, Mª Carmen Gómez dixo recibir a medalla "coa mesma ilusión e alegría que poñemos no noso traballo". Por outra banda asegurou que o galardón é un revulsivo "que alenta a nosa gana de seguir traballando" ao tempo que contribúe "a renovar o compromiso co teatro e coa cultura de Melide". En definitiva, e segundo expresou, o premio representa para Charamela "un auténtico tesouro".

Un encontro interxeracional co teatro como bandeira

O xermolo estivo no teatro, nunha obra de Prado Lameiro que baixo o título "Almas sinxelas" se representou no ano 2004 co obxectivo de recadar fondos para a excursión de fin de curso dos nenos e nenas do Colexio Pastor Barral. Mais, debido a ese efecto aditivo que ten crear unha personaxe e subir a un escenario, aquela estrea solidaria derivou en 2006 na creación dunha asociación, Charamela, que pasados dez anos fixo de Melide un dos referentes do teatro afeccionado en Galicia.

Dende a súa creación a asociación cultural Charamela puxo en escena preto de trinta obras de autores da terra e internacionais, tanto clásicos como modernos, e sempre utilizando o galego como vehículo de expresión. O grupo de teatro, formado por 38 actores e actrices dirixidos por Jesús e Mª Carmen Gómez, levaron as súas creacións por numerosas vilas de Galicia e son convidados habituais dos principais festivais de teatro amateur da nosa xeografía. No seu compromiso coa transmisión cultural, dende 2003 a asociación encárgase de ensaiar o grupo de teatro das Escolas Deportivas do Concello de Melide.

O teatro é a bandeira de Charamela, pero Charamela é moito máis ca teatro. No ano 2010 crea o Encontro Interxeracional "O abrazo das idades", unha iniciativa que ten por obxectivo transmitir vivencias entre xeracións. En 2014 puxo en marcha a campaña Xuventude Sa. Tamén colabora co Concello na realización das alfombras florais de Corpus, na cabalgata de Reis, na elaboración dos cabezudos e estandartes do Carme e na organización da Feira de 1.900, que se celebra na aldea de Furelos. A asociación conta cun equipo que se dedica á creación de comparsas para o Entroido, leva a cabo magostos e tamén celebra o San Xoán, actividades todas elas encamiñadas a poñer en valor as tradicións propias.

Rebaixan a "suficiente" a calidade da auga da praia fluvial de Furelos

A Consellería de Sanidade, organismo encargado de cualificar as áreas de baño de toda Galicia, vén de rebaixar de "boa" a "suficiente" a calidade das augas do Furelos ao seu paso pola praia fluvial, que estrea tempada de verán coa cualificación máis baixa das tres posibles en zonas aptas para o baño. Xunto con Melide, outras seis áreas recreativas de interior obteñen a mesma nota. Só dúas en toda Galicia están por debaixo; as dos concellos de Baralla e O Corgo (na provincia de Lugo), onde o baño está prohibido.

A alcaldesa, Dalia García, lanza unha mensaxe de tranquilidade e sinala que as augas da praia fluvial seguen a ser idóneas "para o seu uso polo público en xeral sen ningún tipo de contaminación". A rexedora insiste en recordar que os resultados das últimas análises realizadas son "moi similares" aos das tempadas estivais anteriores e destaca que "están moi por debaixo dos parámetros que desaconsellan o baño na cunca continental". Con estes argumentos García deféndese das críticas que, tras coñecerse a nova catalogación, realizaron sobre o asunto os socialistas, aos que a alcaldesa acusa de alarmistas e de facerlle un fraco favor á vila por "utilizar con fins políticos" un dos principais recursos turísticos de Melide.

O PSOE non cuestiona que o Furelos siga sendo apto para o baño pero si "a ineficacia e o desinterese dos gobernantes locais" ante as sucesivas denuncias que fixeron nos últimos meses sobre vertidos e deficiencias na rede de saneamento que acabaron contaminando o Furelos e os seus afluentes. "É un problema que tivo como resposta primeiro a negación e despois a incapa-cidade de solución a pesar de importantes investimentos en materia de saneamento", explica José Antonio Prado.

Solicitan maior información ante a chegada dos recibos do "catastrazo"

O PSOE de Melide solicitaralle ao goberno popular de Dalia García que convoque "inmediatamente" unha reunión coa veciñanza para "informar, asumir responsabilidades e buscar solucións" en relación co proceso de regularización catastral que se realizou no concello en 2014 (impulsado polo Ministerio de Facenda) e que se está a traducir agora na chegada de recibos do IBI para o cobro de atrasos de ata catro anos. Segundo denuncian os socialistas isto está a supor "un desembolso económico importante que pon en serias dificultades a economía de moitas familias" tendo en conta ademais que dita regularización derivou "nun incremento desmesurados dos valores catastrais" que, din, son superiores aos valores reais de mercado. Dende o PSOE tamén lamentan que o concello aplique un coeficiente de actualización do valor catastral do solo do 1,1%, "o que implica que cada ano o valor do solo de Melide se incrementa nun 10%".

La Voz de Galicia

Trala revisión catastral tamén hai que pagar por cortes e pendellos

Expropiacións no tramo da A-54 Melide-Palas

Avanza o proceso de expropiacións para construír o tramo melidense da autovía Lugo-Santiago. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia convocou aos afectados polo tramo Enlace Melide (Sur) - Enlace Palas de Rei para proceder ao levantamento de actas previo á ocupación dos terreos. A casa consistorial acollerá entre os días 12 e 13 de xullo as reunións cos propietarios.

As actuacións neste tramo tamén afectan a propietarios de Santiso, que tiveron a súa reunión o día 11. En Palas o proceso durará sete días: 14, 15, 18, 19, 20, 21 e 22 de xullo. O levantamento de actas do tramo Arzúa-Melide xa se fixo no mes de febreiro.

As misses da 3ª idade desfilarán o ano que vén con roupa do comercio local

Dous coruñeses triúnfan na XXIII edición do concurso de beleza

José Varela (A Coruña), Mister Galicia

Alicia González (Agolada), Miss Galicia

Logo de 23 anos cun formato moi similar que fixo de Melide a meca da beleza con solera, o concello, organizador do concurso de Miss e Mister Galicia 3ª idade, prevé introducir algunha novidade no certame de cara á edición do ano que vén. A idea pasa por involucrar ao comercio local e "poñer todas as facilidades dende o Concello para que as tendas presenten a súa roupa sobre a pasarela", explicou a concelleira de Benestar Social, Chus López Mourón. Co obxectivo de ampliar o abano de estilos e de prendas que se poidan lucir, barállase a posibilidade de que os maiores que participen no certame desfilen "acompañados dos seus netos ou de familiares máis novos", sinalou a edil. Esta iniciativa, que haberá que madurar de aquí ao ano que vén, prevé implicar tamén ás perruquerías da vila e ao máximo número de sectores.

Alta participación

A XXIII edición do certame de Miss e Míster Galicia 3ª idade, celebrada o pasado 3 de xullo, non defraudou. O Cantón de San Roque estivo ateigado de xente un ano máis para ver desfilar sobre a pasarela ás 24 mulleres e 12 homes que competiron por facerse con algunha das doce bandas a entregar. Finalmente, tras unha hora de deliberación, o xurado escolleu a Alicia González, natural de Agolada e residente na Coruña, como Miss Galicia. O título de Míster recaeu en José Varela, que aos seus 93 anos asegurou que o segredo da súa vitalidade está en bailar catro días á semana. Melide non marchou coas mans baleiras: Concepción Quintás e Manuel Vázquez foron coroados como os máis elegantes.

Visantoña apela á solidariedade como vía para soster a súa escola de música

A Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña organizará o vindeiro 5 de agosto unha cea solidaria co obxectivo de recadar os máximos fondos posibles para axudar ao financiamento da escola á que lle dá soporte e na que se forman na actualidade máis de 30 nenos/as da comarca.

As cotas dos socios, o prezo das matrículas e a colaboración desinteresada de moitas persoas xa non son suficientes para dar sostido este proxecto educativo e cultural que nutre de músicos á banda e que ao mesmo tempo é axente dinamizador do rural e canteira de artistas. "Incluso os músicos da banda non están cobrando polas actuacións e dedican todo aos fondos para manter a escola", explican dende a xunta directiva da asociación, "pero a día de hoxe por nós mesmos non somos capaces de manter un financiamento tan elevado".

A pesar do complexo da situación, a cea solidaria "non vai ser unha velada de lamentacións; ímolo pasar ben", insisten, "pero isto é un xeito de chamar a atención porque non temos outro remedio. Trátase de xuntar algúns cartos para ir tirando uns meses ata que algún organismo teña a ben axudarnos".

Mensaxe ás institucións

A cea solidaria terá tamén un carácter reivindicativo e nesa chamada de atención as institucións públicas estarán no centro da diana; concretamente o Concello de Santiso, a Deputación e a Consellería de Cultura: "temos moi boa relación con todas elas pero á hora da verdade non acaban de implicarse economicamente e queremos que se dean de conta deste sufrimento", aseguran dende a directiva ao tempo que se preguntan "que sería dos valores culturais no medio rural se non fora por asociacións sen ánimo de lucro como a nosa".

Un día de homenaxe

No plano máis festivo a celebración servirá tamén para homenaxear a todas as persoas que pasaron pola banda, incluídos os actuais compoñentes, así como ao presidente de honra, Xosé Núñez.

O escenario, nada casual, será o Pazo de Vilar de Ferreiros, escollido polo seu carácter simbólico (pois baixo o seu mecenado naceu a banda de Visantoña hai 139 anos) e pola "colaboración extraordinaria" que sempre ofreceu o grupo hostaleiro que xestiona o complexo; Ruta Jacobea. Por iso, o director do pazo, Jesús Camba, será tamén homenaxeado.

As entradas para a cea, a un prezo de 23 euros con rifa incluída para un sorteo, poden mercarse no Bar Lareira, no Mesón de Visantoña e a través dos números de teléfono 659 653 099 e 609 059 634.

Unha das primeiras promocións da escola de música de Visantoña. Ano 1992

Toques sofre o primeiro incendio do verán no distrito de Santiago

Máis de 1.400 persoas formarán parte das brigadas contra incendios en toda Galicia

Nada máis comezar o verán xa recibiu o primeiro aviso. Incluso antes de que se iniciase a tempada de alto risco de incendios (que empezou o pasado 1 de xullo) o lume fixo acto de presenza nos montes de Toques, que foron escenario do primeiro incendio do verán no distrito forestal de Santiago.

Afectou a unha zona de monte raso da parroquia de Paradela, onde se iniciou sobre as dúas da madrugada do 28 de xuño. As lapas estiveron activas durante seis horas e queimaron unha superficie de 25,5 hectáreas. Segundo a Consellería do Medio Rural a situación estivo baixo control dende o principio grazas á rápida intervención do dispositivo contra incendios e a que a zona afectada non era abrupta nin tiña árbores.

Para previr incendios coma este e coma o que ano pasado arrasou en Toques 320 hectáreas (un dos máis grandes de Galicia), o Concello ten previsto realizar en breve as contratacións do equipo de prevención de incendios, do que formarán parte cinco persoas.

O que xa está operativo é o dispositivo da Xunta contra os lumes, que na provincia da Coruña integran 26 técnicos, 95 axentes forestais, 27 emisoristas, 22 vixilantes fixos, 34 brigadas e 34 motobombas da Consellería de Medio Rural, ademais dos 7 Grupos de Emerxencia Supramunicipal. A isto hai que sumar 32 brigadas da empresa pública Seaga, 62 brigadas dos concellos, 18 motobombas municipais, dous helicópteros con base en Santa Comba e Abegondo máis tres avións anfibios con base en Labacolla.

Medio Rural investirá 120.000 euros en mellorar a rede viaria entre Melide e Sobrado

A conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, reuniuse cos rexedores de Melide e Sobrado para presentarlles o plan de arranxo de camiños co que o seu departamento quere mellorar a comunicación viaria entre os dous concellos.

No que a Melide se refire vanse acondicionar dous tramos da estrada que vai dende Folladela ata o límite con Sobrado. No primeiro abriranse cunetas e pavimentarase con aglomerado en quente. No segundo farase limpeza de borde, bacheo e tratamento asfáltico. Respecto ás actuacións no concello de Sobrado, vaise anchear e asfaltar a pista que vai dende o núcleo de Grañas cara a Melide. As dúas obras suman un investimento de 120.000 euros. As que se realicen en Melide terán unha duración estimada de 4 meses e as de Sobrado 2 semanas.

Vázquez, que se desprazou ata Melide, aproveitou a visita para reunirse cos veciños afectados pola concentración parcelaria de Maceda-Orois, que se atopa na fase de reorganización, último paso administrativo antes de entregar os títulos. Unha vez rematada permitirá pasar de 2.636 fincas a 1.004.

A conselleira falou en Melide da parcelaria de Maceda-Orois

CATASTRO E REXISTRO DA PROPIEDADE COORDINARANSE CUN NOVO SISTEMA DIXITAL

A diferente natureza das institucións do Catastro e do Rexistro e a falla de comunicación entre ambas fixo necesaria unha reforma de gran alcance que agora contempla o uso dun novo formato dixital -o formato GML INSPIRE-

Está previsto que nos próximos meses se xeralice o uso dun novo formato dixital – o formato GML INSPIRE- que permitirá a coordinación entre as Institucións do Catastro e do Rexistro da Propiedade. O formato papel xa non será suficiente e será preciso a presentación da documentación no novo formato dixital para adaptarse á lei. A reforma da lei 13/2015 da Lei de Catastro Inmobiliario contempla que a coordinación gráfica das fincas rexistrais sexa perfectamente coincidente. Segundo o art.38 da Lei Hipotecaria "O rexistro protexerá a ubicación e delimitación xeográfica da finca".

Ata agora o intento de establecer unha coordinación entre a información que manexaban ámbalas dúas Institucións baseábase no establecemento das referencias catastrais – o código alfanumérico identificador oficial e obrigatorio dos bens inmobles- que identificaba as fincas. Isto non significaba que a finca estivese perfectamente delimitada. Agora non só se pode garantir o dereito de propiedade senón que ao incorporar as bases gráficas, sempre que se correspondan coa realidade do terreo, ou sexa, sempre que se incorpore un plano xeorreferenciado dos lindes da finca; tamén se garantirá a protección da xeometría e superficie da finca.

A razón pola que ata agora non había unha comunicación entre o Catastro e o Rexistro era, en primeiro lugar, debido a que se trataba dunha comunicación unilateral, do Rexistro ao Catastro e; en segundo lugar, debido á diferente natureza de cada unha das Institucións. O Catastro é unha Institución de carácter eminentemente fiscal-tributario con fins recadatorios a través de – por exemplo- o IBI (Imposto de Bens Inmobles) o chamado "recibo da contribución"; ademais é de inscrición obrigatoria xa que busca ter o territorio e os titulares das propiedades controlados. O Rexistro da propiedade, pola súa banda, é de carácter xurídico e de inscrición voluntaria; e produce efectos ante todos pola sinatura de documentos públicos como escrituras, documentos xudiciais ou administrativos.

Grazas a xeralización do uso do formato GML poderase achegar unha base gráfica catastral, sempre que se corresponda coa realidade, ou unha representación gráfica alternativa, no caso que haxa discrepancia entre as escrituras, o catastro e/ou a propia realidade da finca. O uso do formato GML facilita a protección xurídica dos dereitos de propiedade e tamén a delimitación física da finca baixo a salvagarda dos tribunais. Os avances tecnolóxicos permiten a xeorreferenciación dos marcos, ou sexa, a delimitación exacta dos lindes por coordenadas UTM mediante o uso de tecnoloxía GPS. O que implica que incluso no caso de alteración da posición dos marcos, éstes poderán ser colocados na súa ubicación correcta sempre que fose necesario. Ademais este novo formato GML supón un valor engadido no mercado da propiedade inmobiliaria ao aumentar a facilidade da súa transmisión, xa que, nos procesos de compra-venda será posible saber exactamente o que se está a adquirir.

Información elaborada por Gabinete Cartotec
Rúa Alfonso Castelao, 23 - 4º C

Fondos Feder permitirán facer novas prospeccións no campamento da Ciadella

Vista xeral dunha das partes escavadas do campamento. Ano 2007

O campamento militar da Ciadella, en Sobrado, o máis importante dos asentamentos defensivos romanos que se coñecen en Galicia (xunto co de Bande, en Ourense) afronta unha nova fase para a súa posta en valor: a Consellería de Cultura destinará 90.000 euros para realizar novas prospeccións, un proxecto financiado no 80% con fondos Feder que permitirá escavar o lado oeste da muralla, tanto por dentro como por fóra, e realizar unha sondaxe para comprobar o estado de conservación desa mesma muralla no lado sur do campamento.

Malia que aínda se descoñece o nome da empresa que realizará as escavacións, os traballos de limpeza que se están a realizar nestes momentos xa permitiron facer algunha descuberta, como por exemplo dous fornos de pan que apareceron na parte interior de dita muralla. No xacemento tamén se atoparon utensilios de cociña, cerámica, puntas de lanzas, frechas ou broches de bronce que se empregaban para as vestimentas.

O campamento da Ciadella é un asentamento militar de época romana no que se estima que entre os séculos II e V habitaron preto de 500 soldados da *Legio VII Gemina*, a lexión encargada de defender os territorios que na actualidade se corresponden coa provincia de Lugo e o norte da d´A Coruña. Ocupa unha extensión de 2,4 hectáreas e ten forma rectangular. O campamento estaba defendido por unha muralla que á súa vez estaba protexida por varias torres e un foxo.

TEJERINA VISITA "TERRA DE MELIDE"

A ministra de Agricultura, Isabel García Tejerina, aterrou en Melide durante a campaña electoral para as eleccións xerais do 26-J.

De man da conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, a ministra visitou as instalacións da queixería Terra de Melide (situada na parroquia de Orois), unha das máis premiadas de toda Galicia na variedade de queixo Arzúa-Ulloa.

Na fábrica desta empresa familiar os asistentes participaron nunha degustación na que puideron comprobar de primeira man a calidade do produto.

Tejerina e Vázquez estiveron acompañadas polo secretario xeral do PPdeG, Miguel Tellado, a alcaldesa de Melide e varios concelleiros

Joyería Oro Ley

Taller propio

Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

PRODUTOS ARTESANS DE CALIDADE

XEBRE

TRASLADÁMONOS !!

VISÍTANOS NA
PRAZA DO CONVENTO
A CARÓN DO MUSEO

981 50 57 23
www.tendaxebre.es

LINDES

mediciones
inmobiliaria
seguros

Inmobiliaria

Sucesiones
(Derechos Reales)

Particiones

Mediciones

Seguros

Catastro

www.lindesmelide.com info@lindesmelide.com 981 935 108 Ronda da Coruña 68, Baixo Izda. 15800 (Melide)

INMOBILIARIA MELIDE AGORA É LINDES NOVA IMAXE

2as gafas
GRATIS

al comprar tus
mó progresivas
alta gama
197€

PVP recomendado. Hasta el 30/6/2016 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 197€ con lentes graduadas progresivas orgánicas antireflejantes Beslayt Multigold 1.5 AR (Límite de graduación sujeto al cuadro de fabricación del proveedor. Consúltalo en tu establecimiento), llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación que la primera y lentes Beslayt Multigold 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

Ronda de A Coruña, 20
*15800 **Melide***
A Coruña

www.multiopticas.com

multiópticas
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241

Avalancha de cativos en Santiso con 85 inscritos no campamento de verán

Santiso vive o seu particular *baby boom* este verán. Mais, lonxe dun ansiado e necesario repunte da natalidade, a explicación hai que buscala no éxito dos campamentos de verán ofertados polo Concello, nos que participan dende que deron comezo o pasado 4 de xullo 85 rapaces e rapazas de entre 3 de 12 anos; un récord absoluto. A cifra, elevada de por si, adquire maior dimensión en comparanza co número de escolares que cursan estudos o resto do ano no colexio municipal: tan só 40.

Tal foi a avalancha de cativos, que o goberno local tivo que botar man dunha subvención da Deputación da Coruña para contratar unha empresa de ocio que se encargase de xestionar o campamento. "Grazas a iso poderemos atendelos", explican, " o ano pasado tivemos 60 e aínda fixemos as actividades con persoal do Concello, pero este ano sería inasumible".

Dende o executivo municipal amósanse "contentos" pola boa acollida que tiveron os campamentos malia non atopar explicación para tan elevado número de inscricións: "as instalacións son cómodas e gustan pero tampouco temos nada que non teñan os campamentos doutros concellos veciños".

Arzúa e Melide son dous dos lugares de procedencia de boa parte dos participantes. De feito este ano o Concello de Santiso habilitou unha liña de autobús con horario de recollida e entrega para facilitar o transporte dos cativos residentes no concello veciño de Melide. O mesmo fai cos rapaces de Santiso: "non deixamos de coller ningún por coller aos de fóra", insisten dende o equipo de goberno.

O goberno municipal estuda modificar as bases para establecer un límite máximo de admitidos

As bases dos campamentos de verán dan prioridade de inscrición aos cativos escolarizados e empadroados en Santiso, seguidos daqueles que teñen familiares de primeiro, segundo e terceiro grao empadroados no concello e por último os rapaces procedentes doutros municipios. Non obstante, ditas bases non contemplan un límite de admisión. Por iso, e para evitar que os campamentos morran de éxito, o equipo de goberno contempla modificar ditas bases de cara ao ano que vén e establecer un tope máximo de inscritos: "as instalacións chega un momento en que non dan máis de si e os cativos requiren moita atención. Un exceso de nenos podería ser prexudicial".

Campamento de 2015. Cativos e cativas diríxense a realizar actividades

ELECCIÓNS XERAIS 2016

Variación 2015

MELIDE. Participación: 69,1 % — - 3,8 %

		Variación
PP	**2.255** (52,9 %)	+ 4,6 %
PSOE	**806** (18,9 %)	+ 0,7 %
U.PODEMOS	**658** (15,4 %)	- 0,4 %
C´s	**285** (6,7 %)	- 0,6 %
BNG	**171** (4 %)	- 3,7 %

SOBRADO. Participación: 64,4 % — - 4,6 %

		Variación
PP	**619** (55,4 %)	+ 6,4 %
PSOE	**291** (26 %)	- 4,3 %
U.PODEMOS	**93** (8,3 %)	- 2,8 %
C´s	**73** (6,5 %)	+ 1,1 %
BNG	**19** (1,7 %)	- 0,9 %

SANTISO. Participación: 66,7 % — - 3,2 %

		Variación
PP	**591** (58,7 %)	+ 8,2 %
PSOE	**199** (19,8 %)	- 3,5 %
U.PODEMOS	**121** (12 %)	- 0,3 %
C´s	**40** (4 %)	- 0,2 %
BNG	**35** (3,5 %)	- 2,9 %

TOQUES. Participación: 69,7 % — - 3,8 %

		Variación
PP	**472** (63,3 %)	+ 7,1 %
PSOE	**111** (14,9 %)	- 2,2 %
U.PODEMOS	**66** (8,9 %)	- 4,4 %
BNG	**57** (7,6 %)	- 0,8 %
C´s	**29** (3,9 %)	+ 0,6 %

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE
Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
Web: www.balnearioriopambre.com

FESTAS NA HONRA Á VIRXE DO CARME

Festas con tradición, festas con devoción

As Festas do Carme teñen un cariz especial polo seu ambiente máis recollido e familiar, por esa mestura de ocio, tradición e devoción que as fai especiais.

Segundo se recolle no libro *A vila de Melide*, escrito por Xosé Manuel Broz, a orixe desta festividade data de 1744, ano no que se constrúe a capela e no que o presbítero Blas Núñez de Segade funda a Confraría do Carme.

Así é a descrición que dito libro fai das Festas do Carme: *"unha festa e devoción de longa raigame na vila, onde a xente devota vai con velas na procesión do día 16, nunha longa fila; pola rúa do Castelo, segue pola entrada de Santiago ata o cruce, para subir pola rúa de San Pedro e Principal ó Castelo e á Capela. O día anterior faise a procesión desde a Parroquial, coa Virxe do Carme Pequena, e logo volve para o seu altar ó seguinte día 17. Antes facíase unha feira de sementes de nabiña, corbo, toxo... que os labregos expoñían á beira do camiño do castelo para os tratantes que viñan mercar.*

A festa romaría facíase antes na estrada de Lugo, onde os bares poñían barracas, adornadas con mirtos, onde era costume tomar cervexa con gaseosa servida en xarras de cristal. Nun tempo antigo, dise que a festa era á beira da Capela. Os días antes da festa a comisión vai pola casa dos confrades a pedir a cota da festa, levando o ramo da Virxe, que o confrade leva ata a casa do seguinte confrade, a quen llo entregaba".

festas do Carme MELIDE

ACTOS RELIXIOSOS - NOVENA: COMENZA O DÍA 7 - HORA: 8 DA MAÑÁ E 9 DO SERÁN.

DÍA 15: 8:30 H. DO SERÁN: PROCESIÓN DO TRASLADO Á CAPELA ACOMPAÑADA POLA *GRUPO DE GAITAS FROITO NOVO.*

DÍA 16: MISAS REZADAS ÁS 8, 10 E 11. ÁS 12:30 MISA SOLEMNE CANTADA POLO *GRUPO DA CATEQUESE PARROQUIAL DE MELIDE.* SEGUIDAMENTE PROCESIÓN COA *BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE* E O *GRUPO DE GAITAS FROITO NOVO.* MISA REZADA ÁS 9 DO SERÁN.

DÍA 17: MISA REZADA ÁS 10. ÁS 12 MISA SOLEMNE DOS COFRADES DIFUNTOS. ÁS 8 DO SERÁN MISA SOLEMNE, SEGUIDA DE PROCESIÓN ATA A IGREXA PARROQUIAL COA *BANDA DE MUIMENTA.*

A VERBENA COMEZARÁ AS 21:45 H. TODOS OS DÍAS.

15 SUSO DE BOENTE CHARANGA ARDORES

16 BANDA DE MUSICA DE VILATUXE
MARIMBA - D'TACON

17 BANDA DE MUSICA DE MUIMENTA
SUAVECITO - POCEIRO

Sesión vermú coa **ORQUESTRA POCEIRO**

Chiquitín

A parada no teu Camiño

* Especialidade en hamburguesas de boi de Kobe e polo con espinacas

* Especialidade en pulpo e carnes galegas

* Almorzos
* Menú do día
* Menú do peregrino
* Habitacións
* Terrazas

Tfno.: 981 815 333 www.chiquitinmelide.es
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE

TLF.:
627 03 59 73 / 981 50 56 24

Camiño de Ovedo, nº 15
MELIDE
Chusherboristeria@hotmail.com

Broz Rei recompila nun libro todas as vertentes do patrimonio de Melide

A publicación recolle nas súas 607 páxinas máis de 500 fotografías e a xenealoxía de 62 familias melidás



X. Manuel Broz acompañado por Ricardo Suárez (esq.) e Roberto Pérez, maquetadores do libro

Poucas vilas poden presumir de ter un patrimonio tan rico e moitas menos de ter quen se preste a investigalo co detalle e a dedicación coa que Xosé Manuel Broz leva estudando o de Melide durante boa parte da súa vida.

Mestre xubilado, pintor, persoa de natureza sempre curiosa, divulgador e investigador incansable, Broz Rei afonda agora na súa faceta de escritor coa publicación do que se empeña en denominar o seu "quinto e derradeiro" libro; un volume de 607 páxinas no que, baixo o título *A vila de Melide,* aborda o patrimonio local dende numerosas perspectivas: civil, relixiosa, artística, histórica, cultural, etnográfica ou folclórica.

O libro, que o propio autor define no limiar como "un compendio de traballos anteriores, unha actualización de datos e unha publicación de novos coñecementos arredor de Melide", comezou a forxarse en 1982, cando saíu a luz o primeiro dos boletíns anuais que publica o museo comarcal, do que Broz Rei é director e do que tamén no seu día foi promotor. Precisamente nese escenario se presentou o pasado 1 de xullo *A vila de Melide*, no transcurso dun acto no que, rodeado de amigos, veciños e familiares, Xosé Manuel Broz destacou o papel relevante que xoga a fotografía no seu último traballo. De feito son máis de 500 as imaxes (a maioría en cor) que, "con visións diferentes e varias perspectivas", van salpicando as páxinas, motivo polo que a publicación tamén podería ser definida como un inventario fotográfico.

Tal e como explica o propio autor, ademais da reportaxe gráfica e variada sobre o patrimonio, o volume tamén achega "unha interesante e laboriosa" xenealoxía de 62 familias melidás "sacada dos arquivos onde se le a historia da nosa xente, todos inmigrantes de terras de fóra que se asentaron nesta vila". A eles vai dedicado o libro, "melidaos que viviron e fixeron esta vida, que son os nosos patrucios", tamén aos seus alumnos, ao seu neto Miguel "para que saiba das súas raíces" e, dun xeito máis xeral "a todo o pobo de Melide, herdeiro dun fermoso e amplo patrimonio, para que o conservemos como unha herdanza dos nosos antergos e o leguemos ás vindeiras xeracións".

"Vermú no Camiño" amenizará os domingos de xullo e agosto

O representante de St. Petroni coa alcaldesa e o edil de turismo

Os domingos en Melide serán máis animados nos meses de xullo e agosto. Á alegría propia do bo tempo e do período estival súmase a última iniciativa de dinamización posta en marcha pola Concellería de Turismo: "Vermú no Camiño", unha serie de actuacións musicais na rúa que se están a realizar en diferentes enclaves da vila e que teñen como fío condutor a ruta xacobea. O obxectivo destes domingos de verbena, para os que o Concello contou coa colaboración da marca de vermú galego St. Petroni, é "mobilizar á xente" e "promocionar Melide e a súa hostalería en tempos de verán".

As dúas primeiras actuacións xa tiveron lugar en Furelos e no casco vello. As vindeiras serán os días 24 de xullo (casco vello), 31 de xullo (casco vello e Ronda de Pontevedra), 7 de agosto (casco vello) e 28 de agosto (Santa María).

LOLO PENAS NON DEFRAUDA E VENCE NOS 21 DO CAMIÑO

Era o favorito e os prognósticos non se equivocaron: o corredor arzuán Lolo Penas, que pode presumir de ter sido campión de España de 10.000 metros, 14 veces internacional e de levar dous mundiais ás súas costas, proclamouse vencedor da IV Media Maratón "Os 21 do Camiño", que se disputou entre Palas e Melide o pasado 25 de xuño. Fixo un tempo de 1:12: 24. Tan só catro segundos por detrás del cruzou a liña de meta Gustavo Nieves, corredor vigués de 34 anos que este verán participará non xogos paralímpicos de Río de Janeiro, na que será a súa cuarta cita olímpica despois de ter estado xa en Sydney, Pekín e Londres. O terceiro posto do podio ocupouno o veterano Elías Dominguez, cun tempo de 1:15:05.

Na categoría feminina Paula Mayobre fíxose coa vitoria cun tempo de 1:25:47. Acreditada como deportista de alto nivel pola Xunta de Galicia, esta corredora de Ares foi atleta internacional coa selección española en 6 ocasións e tres veces mundialista. Participou nun campionato europeo e nunha olimpíada da xuventude. O segundo posto foi para María Jesús Gestido (1:27:38) e o bronce levouno Rocío Alvite cun tempo de 1:30:23.

Anxo Castro (7º) e Óscar Lugrís (8º) foron os atletas locais mellor clasificados.

FURELOS REPRODUCE Á PERFECCIÓN A VIDA EN 1900

MOITO MÁIS CA MOTOS NA IV CONCENTRACIÓN DE MELIDE

As motos foron sen dúbida as protagonistas pero a concentración moteira dos Millí Riders, que celebrou a súa cuarta edición os días 1,2 e 3 de xullo revelouse como un evento capaz de encher de ocio a axenda de toda unha fin de semana:

O acróbata portugués Paulo Martinho é xa un incondicional da concentración melidense e o seu espectáculo, o máis seguido polo público.

Motos e máis motos. Para admiralas pero sobre todo para percorrer estrada. O bo tempo acompañou as rutas pola comarca da Terra de Melide.

Concerto de altura cunha banda lendaria: *Burning* fixo vibrar co seu rock o Cantón de San Roque.

Os Melidaos participan no último disco da histórica Coral de Ruada

O traballo discográfico inclúe tamén as colaboracións de Treixadura, Luar na Lubre ou Milladoiro, entre outros

Tocaron por primeira vez xuntos hai cousa dun ano na Praza Maior da cidade das Burgas. Hai poucos días, concretamente o 24 de xuño, a Coral de Ruada de Ourense e Os Melidaos subiron de novo ao escenario e repetiron experiencia por unha boa causa: a presentación oficial do último disco da histórica coral ourensá, do que os gaiteiros de Melide forman parte xunto con outras formacións e artistas de categoría como Treixadura, Milladoiro, Luar na Lubre ou Cristina Pato, entre outros.

Máis de 200 persoas completaron o aforo do Teatro Principal de Ourense para coñecer de primeira man algunhas das 18 pezas musicais que integran o CD e DVD *De Ruada entre amigos*, un traballo discográfico no que a Coral de Ruada conta tamén coa achega dos coros infantís de catro colexios ourensáns e mesmo de artista estranxeiros como Andrew Cronshaw e Tigran Aleksanyan, procedentes de Inglaterra e Armenia respectivamente.

Os Melidaos e membros da Coral de Ruada

Presentación do disco no Teatro Principal de Ourense

É a primeira vez que a Coral de Ruada, nos seus case cen anos de historia, grava temas con colaboracións de diversas agrupacións, motivo polo cal para Os Melidaos supón "unha gran honra ser elixidos para cantar neste disco e, ademais, por ter a deferencia de chamarnos para actuar en directo na presentación do mesmo".

"VERÁN CULTURAL"
CONCELLO DE MELIDE

23 de xullo (12:00 h.), na Casa da Cultura
OS BOLECHAS VAN ÁS OLIMPÍADAS

23 de xullo (20:30 h.), na Praza do Convento
II FESTIVAL DE HABANERAS NO CAMIÑO
Organizado pola Coral Polifónica de Melide

30 de xullo (20:30 h.), na Praza do Convento
O FIADEIRO
Actuación de música e baile tradicional

3 de agosto (20:30 h.), na Casa da Cultura
OS ROEDORES
Teatro infantil coa compañía "Redrum Teatro"

5 de agosto (22:30 h.), na Praza do Convento
ODAIKO & VANESA MUELA
Actuación Musical

7 de agosto (21:30 h.), na Praza do Convento
UXÍA E NARF
Actuación Musical "Baladas da Galiza imaxinaria"

10 de agosto (18:30 h.), na Praza do Convento
GARABATO DE XOGOS
Xogos para todas as idades

11 de agosto (20:30 h.), na Casa da Cultura
AS FABAS MÁXICAS
Teatro infantil coa compañía "Caramuxo Teatro"

Fazaña belicosa dunha muller no século XVIII

Ana María de Soto, nacida en Aguilar (Córdoba), foi a primeira muller infante de Mariña da que se ten constancia ata hoxe. No ano 1793, con 16 anos de idade, alistouse nos batallóns da Mariña de Guerra española.

Ao igual que pasaba noutras esferas da sociedade, por aquel entón as mulleres tiñan vetado o acceso ao exército. Foi por iso que Ana María se fixo pasar por home, presentándose en San Fernando co nome de Antonio María de Soto. Ninguén se deu de conta do engano e conseguiu ingresar na Sexta Compañía do Once Batallón.

Naqueles anos España participaba no conflito europeo que enfrontaba á Francia revolucionaria co resto de países que vían con temor a revolta gala e a tendencia libertaria que acompañaba a súa ideoloxía. España posicionouse do lado de Francia ao firmar o Tratado da Granxa de San Ildefonso no ano 1796 co obxectivo de frear a poderosa armada de Gran Bretaña, inimigo francés.

Deste xeito Ana María Soto participou durante cinco anos nese conflito mariño cuxos protagonistas eran ingleses e franceses. Primeiro loitou na costa catalá e máis tarde no sur, onde participou na defensa de Cádiz, ameazada polas fragatas inglesas do Almirante John Jervis. Tamén participou na batalla do Cabo de San Vicente no ano de 1797 a bordo da fragata Nosa Señora das Mercedes, que era un dos barcos que escoltaban ao Santísima Trinidade, un dos barcos máis grandes do mundo naquela época.

Un ano mais tarde, en 1798, durante un recoñecemento médico rutineiro, descubriuse a súa condición de muller. Non obstante, lonxe de ser castigada ou humillada, o rei Carlos IV concedeulle un soldo e máis o grao de sarxento en atención á heroicidade demostrada e

á súa acrisolada conduta. Un soldo de dous reais de vellón diarios permitiulle atender as necesidades de seus pais, quedando ademais autorizada a usar as cores dos batallóns da Mariña Española e os galóns de sarxento nas súas roupas de muller.

Xosé Núñez, escritor

Podcasting, outra forma de acceder a contidos multimedia

Vivimos nunha sociedade caracterizada polas présas e a falta de tempo. O consumo de vídeo pode ser unha das formas de lecer, pero require da nosa atención plena. Doutra banda, os contidos en audio permítennos compatibilizalo coa realización doutras tarefas e aproveitar mellor o tempo. Isto non é nada novidoso. As persoas que nos gusta a radio levámolo facendo toda a vida.

Non obstante, coa aparición do podcasting imos un paso máis alá, porque o consumidor destes contidos vólvese selectivo na busca e pode gozar de certas vantaxes sobre a radio tradicional; non ten que esperar a recibir os contidos que a emisora de turno queira programar nin esperar ás horas que decida emitir. Co podcasting podemos seleccionar e buscar contidos que sexan do noso interese cando nós decidamos, podemos levalos descargados nos nosos móbiles e tamén temos a opción de configurar a aplicación que usemos para xestionar estes podcasts (chamada xenericamente podcatcher) para que nos avise cando exista un programa novo dos que estamos subscritos e que nolo descargue automaticamente (podemos configuralo para que realice a descarga cando o móbil teña conectividade wifi, para non gastar datos).

Existe unha gran cantidade de podcasts que tocan diferentes temáticas, a maioría deles gratuítos. Un bo sitio onde empezar é na plataforma **iVoox**, onde atoparemos miles de podcasts en español. Podemos acceder a ela a través dun navegador ou descargar a app gratuíta para o móbil. Nesta opción meterannos uns segundos de publicidade ao principio da escoita, como fan Spotify e outras similares. A plataforma tamén dispón dunha modalidade gratuíta para quen se anime a crear o seu propio podcast e queira telo aloxado en internet. De todas formas, **itunes** é a plataforma máis importante e coñecida no mundo do podcasting. Outra que tamén recomendo revisar é **Spreaker** e, en breve, Google tamén terá en España o seu servizo de podcasting dentro do seu Google Play Music.

Do lado das aplicacións recomendables para o móbil (se queremos acceder a podcasts que non están en iVoox), podemos empezar con **Podcast & Radio Addict** ou **AntennaPod** (as dúas gratuítas) ou **Pocket Casts** (de pago). Algúns podcasts recomendables: El gran apagón (ficción sonora), La Cafetera (actualidade), Colectivo Burbuja (economía), Carne Cruda (actualidade e cultura), Fans Fiction (cine e series), Podcast de Hielo y Fuego (Xogo de Tronos).

Jorge Lama, formador en novas tecnoloxías

O Naturalismo na literatura galega

Dende a segunda metade do século XIX ata os primeiros decenios do século XX, o naturalismo desenvolveuse nos eidos literario e filosófico co obxecto de reflecti–lo comportamento, os instintos primarios e as miserias humanas presentes na sociedade e na realidade cotiá. Fundamentábase nas achegas de diferentes correntes de pensamento, entre elas o positivismo de Auguste Comte, a antropoloxía materialista e os postulados científicos de Charles Darwin e Johann Mendel. Caracterizábase pola temática científica e por procedementos como o fatalismo, a degradación física e moral dos personaxes, a crítica e a denuncia de certos valores e institucións da sociedade, a narración obxectiva e unha linguaxe sinxela.

Malia carecer de escola e tradición propia en Galicia, durante o Rexurdimento certos autores manexaron o naturalismo para plasma–la realidade con exactitude. Deseguido, recóllense algúns:

> Xan de Masma (pseudónimo de Patricio Delgado Luaces) foi autor d'*A besta*, narración que viu a luz en *Follas Novas* entre o 29 de xaneiro e o 24 de decembro de 1899. Na súa introdución censura os principios naturalistas de Émile Zola e remata cun epílogo, no que teoriza sobre fórmulas cooperativistas e de xustiza social en consonancia co socialismo utópico, de fondo enraizamento no norte de Galicia.

A obra divídese en dúas partes. A primeira céntrase na biografía de Pepiña, de ascendencia labrega, e no acoso de Policarpio, arrendatario das terras e responsábel do desaloxo familiar. Na segunda acolle a chegada de Pedro, mozo carlista que retorna do exilio para casar con Pepiña. En síntese, o autor censura as clases acomodadas por seren culpábeis da inxustiza e da opresión sufrida polas camadas populares.

> Heraclio Pérez Placer escribiu *Beira do lar. Cuentos gallegos* (1903). Leva o prólogo «Al lector», asinado por LOS EDITORES. Nel resumen eloxiosamente a traxectoria persoal e literaria do escritor e despois debullan a obra literaria deste singularizada polo naturalismo. A seguir, figuran unha crítica loatoria de Eladio Rodríguez González e os textos literarios, compostos por catro poemas narrativos, dez relatos inéditos e outros trece xa incluídos nos libros *Contos, leendas e tradiciós* e *Contos da terriña*.

A temática literaria clasifícase en catro grupos: a literatura popular, a impronta lírico–sentimental, o afondamento na psicoloxía dos personaxes e a transmisión de emocións estéticas xurdidas da contemplación paisaxística. Os personaxes extráense do mundo rural. A propósito da figura feminina, convén sinala–lo tratamento da nai e do resto de mulleres, ora idealizadas ora interpretadas popularmente.

> Rogelio Rivero gozou de popularidade por cultivar unha prosa sobre a vida aldeá que se perfila con sátira e humor. Incidía na crueza e na miseria moral e física, por exemplo, en *Fungueirazos*. *Contos gallegos* (1916) e *Galicia, Rindo* (1924).

César C. Vega, investigador

Heraclio Pérez Placer

Xan de Masma

ESTRELLA GÓMEZ RAMOS, STARDEMODA

“O 17 de xullo celebraremos o primeiro aniversario con descontos e regalos”

A vida dá moitas voltas e Estrella Gómez sábeo moi ben. Mais nese deixarse levar esta moza destinada a ser mestra de Educación Infantil chegou a bo porto. Esa é polo menos a sensación que lle deixa o último ano á fronte da súa propia tenda de roupa (Stardemoda), unha iniciativa na que se embarcou sen dubidalo tras moito tempo de traballo como dependenta. Satisfeita co resultado da decisión e coa boa marcha da tenda, considérase unha emprendedora privilexiada por non ter que sufrir “esa costa tan empinada que sempre hai que padecer ao principio cando empezas un negocio”.

- Stardemoda cumpre un ano. Está satisfeita coa evolución da tenda neste tempo?

-Estrella Gómez (E.G.): Si, estou moi contenta. Foi un ano de ilusións, de esperanza e de miles de sabores diferentes que pasou moi rápido. Sinceramente, non esperaba que fose todo tan ben. Síntome afortunada. Levaba moito tempo con esa idea na cabeza e cando decidín poñerme pola miña conta os clientes que xa me coñecían seguiron vindo e mercando. Confiaron en min. Teño que darlle grazas a todo o mundo por iso e tamén polas mostras de cariño, as palabras e o apoio que me prestaron.

- Ter experiencia no sector facilitoulle a posta en marcha do negocio?

-E.G.: Máis ca emprender o que fixen foi darlle continuidade ao que xa facía. Levaba moitos anos traballando cos mesmos clientes, xa coñecía a mecánica da tenda e por iso non me pareceu difícil. Penso que son unha privilexiada porque non sufrín esa costa tan empinada que hai que superar ao principio cando pos en marcha un negocio. Foi coller a tenda, triplicar as vendas e ir todo para mellor. A verdade é que nos tempos en que estamos non esperaba acadar eses obxectivos tan rápido.

- Fala de continuidade pero, cambiou algo a tenda neste ano?

-E.G.: Si, intentei darlle algo máis de alegría e cambiei un pouco os estilos de roupa, incorporando prendas que marquen a diferenza con outros comercios de Melide. Agora teño roupa con máis colorido e máis estampados, sen deixar de lado as liñas básicas, que teñen sempre os seus fans incondicionais. Ademais ultimamente introducín tamén algo de roupa de festa.

Estrella Gómez cambiou a súa vocación de mestra polo mundo da moda

“Nesta profesión sempre se leva traballo para a casa; a cabeza nunca deixa de pensar”

“Penso que os comerciantes de Melide somos unidos, pero deberíamos selo moito máis”

- Que imaxe intentou proxectar de cara á clientela?

-E.G.: Quero que a xente saiba que Stardemoda é unha tenda con moita variedade de roupa na que se pode entrar, mirar, probar e marchar sen mercar se non hai nada que guste. Non pasa nada por iso, nunca imos poñer mala cara. As prendas están para velas. Se a xente non entra na tenda non pode saber o que teño.

- Como vai celebrar este primeiro aniversario?

-E.G.: Fareino tendo en conta á clientela, que é a que me permitiu chegar ata aquí. Como agradecemento, o día 17 de xullo vai haber descontos especiais e regalo seguro por cada compra que ser realice. Tamén poñerei uns pinchos e refrescos. Vai ser un día diferente.

- Que é o máis difícil de xestionar un comercio?

-E.G.: É un traballo máis sacrificado do que poida parecer porque non só se trata de atender á xente: saes da tenda e vas pensando nos escaparates, en que comprar, como comprar... sempre se leva traballo para a casa e a cabeza non deixa de pensar. De todos os xeitos para min o máis difícil é ir ás colecciónes, porque botas horas e horas vendo moita roupa. Ao final o que menos me gusta a min é a que antes se vende na tenda.

- É difícil coñecer os gustos da xente?

-E.G.: Como levo moito tempo, cos clientes máis antigos xa sei os gusto nada máis entrar pola porta. Cos novos leva algo máis de tempo captar as ideas pero aínda así creo que descarto bastante rápido; desde que veñen un par de veces xa se coñece ben o estilo de roupa que lles gusta. Este é un traballo que require moita psicoloxía.

- Nun negocio de roupa como o seu tamén se nota a influencia do Camiño? Os peregrinos compran?

-E.G.: Compraban máis do que compran. Recordo anos de facer moi boa caixa con peregrinos e algúns incluso de ter que privarse porque non tiñan onde meter a roupa. O peregrino que máis merca é o que vén en setembro: xente de idade media con máis poder adquisitivo.

- Como ve o comercio de Melide? Cales cre que son as súas fortalezas e as súas debilidades?

-E.G.: Os comerciantes de Melide somos unidos pero teríamos que selo aínda moito máis. Vexo que cada un vai bastante ao seu e había que facer máis cousas xuntos. A nivel comercial e do que eu vendo percibo que hai moita falta de tallas grandes. O problema é que resulta difícil atopalas para poder poñelas á venda. Estou cansada de buscalas e non as dou atopado. Unha persoa con obesidade ten problemas para vestir á moda. Cústame entendelo, deberían facelas aínda que só sexa porque é un negocio e hai demanda. De feito, eu vendo máis roupa da talla XL ca da XS.

Stardemoda

Tlf: 626 56 49 02
R/ San Pedro, 10

Espectáculos ANGEL SEOANE

MELIDE - MONTERROSO Tfno. móvil: 617 38 48 60

Dende a traxectoria e a experiencia que avala Espectáculos Ángel Seoane recomendamos a todas as comisións de festas que traballen sempre con profesionais, pois é o mellor xeito de garantir que todo se desenvolva correctamente e tamén de evitar sorpresas desagradables.

Recordamos que no momento de solicitar os permisos par poder organizar as festas é necesaria, segundo establece o Artigo 42.2 da Lei de Emprendemento e Competitividade Económica de Galicia, a seguinte documentación:

> Proxecto da festa e plano do campo da festa, certificado CE da empresa fabricante do escenario ou dun técnico competente, documentación da cabeza tractora, documentación do escenario, ITV, Seguro de Responsabilidade Civil e boletín de industria; Seguro de Responsabilidade Civil Festas Xerais, factura da Sociedad General de Autores Españoles (SGAE) ou recibo de pago.

Ademais, recomendámoslles ás comisións de festas que, de non teren constituída unha asociación cultural sen ánimo de lucro, se animen a facelo, pois desta maneira poderán, entre outros beneficios, deducir o IVE na declaración.

Agardamos que estes consellos sexan de utilidade e aproveitamos a ocasión para expresar o noso agradecemento aos centos de comisións que ao longo dos últimos 36 anos depositaron a súa confianza nesta empresa para organizar festas e celebracións.